

Na mañá de hoxe a Dirección confirmamos que o proveedor "HITACHI" instalado en Xapón, está impactado pola catástrofe sufrida o día 11, o que, segundo a Dirección do Grupo, provoca unha estratexia industrial ante a falla de compoñentes electrónicos para algúns dos motores diésel. Ante isto, a Dirección fainos unha presentación sobre a planificación prevista para poder absorber o impacto que provocará no noso Centro de Traballo:

**Sistema I.-** Para todos os traballadores/as que pertencemos a este Sistema, **Mércores 23 pola tarde (Quenda "A"), Xoves 24 pola mañá (Quenda "B") e Venres 26 na Quenda de Noite**, está previsto se leve a cabo formación SPP.

**Sistema II.-** Para este Sistema, as previsións son:

-**Martes 22 pola tarde, soamente Ferraxe quenda "A"** non traballará imputándose como día de Adecuación de Xornada.

-**Mércores 23, todos os traballadores/as vinculados/as a este sistema non traballarán** e irá a cargo da Xornada de Adecuación ou Bolsa de Horas.

-**Xoves 24 e Venres 25** serán tamén **non laborais**, e de esgotarse os mecanismos do mércores, aplicarían o ERE.

**Por parte da C.I.G. manifestámoslle o seguinte:**

1º) Amosamos a nosa desconformidade, unha vez máis, polas contraditorias informacións que se deron, como o recollido na entrevista o Director, que **"Las plantas del grupo PSA en España tienen stock suficiente para las próximas semanas"**, cando poucas horas máis tarde se nos confirma que un dos nosos provedores ( Hitachi) non pode suministrar pezas que levan determinados motores diésel, que, por certo, apesares de pedir o modelo deste motor non se nos facilitou. Neste tema a C.I.G. reitera a necesidade de poñer fin a esta maneira de xestionar a "información", non só polo que desmerece cara os traballadores/as e os seus Representantes, senón tamén ante a Sociedade na cal son moitos os Centros que dependen das decisións que aquí se toman.

2º) Sobre a aplicación do ERE recentemente aprobado, tendo en conta que estamos ante un feito non contemplado na Memoria explicativa, e con independencia de que puidera ter encaixe para a súa aplicación neste caso, a C.I.G. pediu:

.-**que os traballadores/as** non paguen con tódalas consecuencias, por iso solidariamente entre a Dirección e a propia Administración deberan cubrir o 100% do salario real dos afectados/as.

.-**que os xubilados parciais e eventuais**, non se vexan implicados. Neste tema a Dirección manifesta que, os Eventuais quedarían fora, e no caso dos xubilados estes días retrasaría o seu descanto.

.-a respecto do contemplado na Lei de non afectación da ERE **os Representantes dos Traballadores**, a C.I.G. pediu que, cando menos para os seus Delegados/as, fosen tratados de igual maneira que calquera dos traballadores/as afectados. Este xoves esta prevista unha nova xuntanza.